



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 1 DE MARZO DE 2024.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día un de marzo de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnense en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. MANUEL FORMIGO DE LA FUENTE.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 5 DE FEBREIRO DE 2024.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 5 de febreiro de 2024.

2.- SUBVENCIÓN MELLORA DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS 2024.- Dase conta da Resolución do 15 de febreiro de 2024, da Axencia de Turismo de Galicia, de subvencións para mellora de infraestruturas turísticas para o ano 2024.

Tendo en conta o obxecto da convocatoria e as necesidades do municipio, os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan aprobar a memoria denominada “Acondicionamento do entorno da Capela de San Roque en Beade”, cun orzamento de 30.000,00 €, aceptando expresamente as condición de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases reguladoras da subvención, así como o compromiso de financiar os importes que non resulte subvencionado.

3.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvó o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de no cumprirse as condicións fixadas.

AUTORIZAR a D. JOSÉ ALBERTO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, con domicilio en Rúa Caudillo (Beade), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible con ref. catastral 2464204NG7826S0001HS, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de reparación total de cartó de baño en pranta baixa, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

A presente licencia non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 3.200,00 €..... 64,00 €.

4.- APROBACION PADRONS CORRESPONDIENTES DE TRIBUTOS LOCAIS DO ANO 2024.- Dase conta da confección dos padróns cobratorios dos seguintes impostos e taxas para o ano 2024: IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA, TAXA SOBRE RECOGIDA DE LIXO, TAXA DE PASO DE VEHICULOS O TRAVESO DE BEIRARRUAS E TAXA SOBRE SUMIDOIROS. Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan aprobar inicialmente os anteriores padróns, acordo que se considerará definitivo de non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, debendo remitirse o servizo de recadación da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, para a súa cobranza regulamentaria.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e vinte minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.



Asdo. Fernando Taboada Guntín.



Asdo. Pablo Fernández Loureiro